

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO  
CORRESPONDENTE O DIA 27 DE XUÑO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día vinteseite de xuño do dous mil dous; ás oito da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Maria José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 23 DE MAIO PASADO (Ordinaria).-**

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da última sesión celebrada, que foi a do 23 de Maio pasado (Ordinaria).

**2.- DAR CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 9 de maio, dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de maio, sobre aboamentos.

Do 16 de maio, sobre aboamentos.

Do 21 de maio, sobre aboamentos.

Do 22 de maio, sobre aboamentos

Do 23 de maio, sobre aboamentos.

Do 24 de maio, dúas; unha, sobre inclusión no Padrón de Habitantes e, outra sobre asuntos económicos.

Do 25 de maio, sobre aboamentos.

Do 27 de maio, tres, unha sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes; unha sobre contratación de persoal e, outra sobre aboamentos.

Do 28 de maio, sobre aboamentos.

Do 29 de maio, sobre aboamentos.

Do 30 de maio, catro; tres sobre aboamentos e outra sobre inclusión no Padrón de Habitantes.

Do 4 de xuño, sobre Bases para a Contración de Persoal Laboral Temporal.

Do 6 de xuño, sobre aboamentos.

Do 7 de xuño, tres, unha sobre inclusión no Padrón de habitantes; unha sobre aboamentos, e outra sobre concesión de licencia de obras e asuntos en materia de su competencia.

Do 10 de xuño, tres; dúas, sobre inclusión no Padrón de Habitantes e, unha sobre aboamentos.

Do 11 de xuño, dúas; unha, sobre asuntos económicos e outra, sobre aboamentos.

Do 12 de xuño, nove; oito, sobre asuntos económicos e outra, sobre aboamentos.

Do 13 de xuño, dúas; unha sobre asuntos económicos e, outra sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 14 de xuño, tres; unha sobre aboamentos; unha, sobre inclusión no Padrón de Habitantes e, outra sobre horario apertura ó público das instalacións deportivas.

Do 17 de xuño, sobre aboamentos.

Do 18 de xuño, sobre aboamentos.

Do 19 de xuño, tres; unha, sobre asuntos económicos; unha, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes e, otra sobre concesión de licencias de obras e asuntos en materia da súa competencia.

Do 21 de xuño, sobre aboamentos.

Do 24 de xuño, sobre aboamentos.

Do 25 de xuño, dúas; unha, sobre aboamentos e outra sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 26 de xuño, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

**3.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE RIBADAVIA NA PARCELA DOS HERMANOS DE SAN XOAN DE DEUS SITA NA TRAVESIA CARA SAN PAIO.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o pasado 25 de Xuño que di: "Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, da conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

**"DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA,** ten a ben presenta-la seguinte

**M O C I O N**

En relación coa tramitación do expediente relativo a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias e Complementarias do Concello de Ribadavia na Parcela dos Irmans de San Xoan de Deus, redactada polo arquitecto Don José Javier Suances Matias e unha vez informado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda con data 8 de maio de 2002, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias e Complementarias do Concello de Ribadavia na Parcela dos Irmans de San Xoan de Deus redactada polo arquitecto Don José Javier Suances Matías.

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo dun mes dende a súa publicación no DOGA e nun dos xornais de maior circulación na provincia, en cumprimento do disposto no artigo 44/3ª da Lei 1/1997 de 24 de marzo, do Solo de Galicia. Ribadavia, 19 de Xuño de 2002".

Continúa, o Sr. Domínguez Lorenzo, para explicar que o problema ven determinado polo feito que dúas dársenas da estación invaden a rúa traseira e o seu peche un lateral clasificado como dotacional; dí que as solucións son o derrubo do que invade ou ben a modificación puntual, sendo esta última a opción pola que se optou; dí que se presentou

unha primeira modificación que foi informada pola Dirección Xeral de Urbanismo con data 22 de maio na que establecía unha serie de reparos, os cales foron recollidos na segunda modificación. Finaliza a súa intervención dicindo que tratase dunha aprobación inicial para depois proceder a exposición pública e de seguido dar traslado do expediente a Dirección Xeral de Urbanismo para os seu preceptivo e vinculante informe previo a aprobación definitiva.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para dicir que se trata dunha chapuza da Consellería e do propio grupo de goberno; pregunta quen vai a pagar a urbanización e pensa que a Estación de autobuses vaille costar diñeiro o Concello. Finaliza a súa intervención anunciando o seu voto en contra e que pediran responsabilidades.

Resposta o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que o vial vai a cargo do Concello, indicando que o mesmo no ten sentido e que no se debería haber previsto.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar en primeiro lugar que o único responsable deste atropello é o Sr. Elier Ojea, Delegado Provincial da Cotop xuntamente co Sr. Director de obra, xa que pensa que antes de iniciar a obra deberíase haber feito o replanteo da mesma e así tratar de evitar as infraccións que se cometeron; dí que as infraccións que se cometeron, invasión de rúas e zonas verdes, están tipificadas na Lei do Solo como moi graves: dí que o Sr. Ojea ten que ter moita "xeta", para dar as explicación que leva dando na prensa, tratando de coaccionar os grupos municipais, cando o que debería de facer era pedir perdón e dar explicación de porque se invadiu unha rúa e zona verde infracción calificadas como moi graves, sobre todo cando a súa Consellería é a que ten que velar polo control do urbanismo; en segundo lugar sinala que iste expediente debería haber sido informado polo Sr. Aparellador Municipal, así como tamén non lle parece de recibo que dita modificación veña firmada polo Sr. Suances na súa calidade de Asesor Urbanístico cando neste intre non ten ningunha vinculación co Concello; continúa dicindo que esta é unha oportunidade única para exisirlle a Consellería que faga a urbanización. Finaliza a súa intervención solicitando informe do Sr. Secretario sobre a legalidade da obra e do que procede de acordo coa lexislación urbanística aplicable, sinalando que hai que pedir responsabilidades e actuar de acordo co que establece a lei.

Esgotado o debate, o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non da devandita modificación, obténdose o

seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, tres ( P.S.O.E. e B.N.G.).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para ratificalo manifestado na Comisión Informativa, indicando que hoxe se debate a aprobación inicial; di tamén que, unha vez realizada a exposición pública darase traslado do expediente á Consellería para o seu preceptivo informe previo á aprobación definitiva.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que todo esto ven determinado coma consecuencia dunha mala xestión; di asemade que, está de acordo co concelleiro de obras no senso que a rúa que se planificou non debería existir, ó igual que non debería existi-la estación de autobuses nesa zona; continúa dicindo que esta modificación realizase para legalizar unha obra ilegal feita polo organismo encargado de velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Finaliza a súa intervención preguntando canto lle vai a costar esta obra ós veciños ó mesmo tempo que anuncia o seu voto en contra.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o seu grupo xa expresou suficientemente a súa posición na Comisión Informativa; di que se trata de modificación sobre modificación, calificándoa coma algo sen precedentes ó se-la Consellería quen ten que velar polo cumprimento da normativa urbanística, a que comete unha infracción urbanística moi grave; reitera o que xa dixo na comisión no senso de que o responsable da Consellería por decencia política debería dar explicacións ó Concello; solicita que o devandito expediente sexa informado polo Sr.Aparellador Municipal e tamén informe do Sr. Secretario sobre a legalidade urbanística aplicable; continúa dicindo que o grupo de goberno é complice desta situación, sinalando que a ubicación da estación de autobuses non é a máis axeitada e que dita operación grava ó Concello cunha serie de cargas como a de realiza-la urbanización a cal debería levarse a cabo conxuntamente coa obra, pregunta onde se atopa a consignación presupostaria para a realización da devandita urbanización, indicando que dita operación é un pelotazo en toda regra; chámalle a atención que a modificación a asine o Asesor Urbanístico cando nestes intres non ten relación de ningún tipo co Concello. Finaliza a súa intervención para dicir que con esta actuación o Concello perde unha oportunidade para obrigar á Cotop á realización da urbanización presentando como enmenda a moción da Alcaldía;

que polo Pleno se acorde incoar expediente sancionador á Cotop por infracción urbanística co nomeamento do correspondente xuíz instructor.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., discrepando dos argumentos dos grupos da oposición, sinalando de seguido que, Ribadavia debe ter unha estación de autobuses xa que é un servizo necesario, polo tanto, pensa que se deben subsana-las deficiencias cometidas na execución da devadita obra.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para indicar que a estación de autobuses é unha obra de interese público e social; en canto a ubicación, entende as discrepancias dos grupos da oposición se ben non comparte as restantes opinións prantexadas; di que a urbanización non é para a estación de autobuses, senón para a edificabilidade prantexada para a zona, indicando que os accesos á estación están resoltos. Finaliza a súa intervención dicindo que non entende o manifestado polos grupos da oposición, xa que con anterioridade á data de hoxe falaban de miniestación.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para sinalar que dada a situación económica do pobo de Ribadavia a estación de autobuses é demasiado grande; na mesma intervención di que a ubicación da estación veu determinada polo feito de que o terreo era gratis, se ben, co convenio asinado vaille saír máis caro ó Concello ca se houbese comprado o solar.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para dicir que non se xustificou o porqué asina dito documento o Sr. Asesor Urbanístico cando dita figura xa non existe; sinala por outra parte que o Director da obra foi elixido pola Consellería, o cal é un dos responsables deste desaguizado; di que dita obra non ten licencia, non se presentou a documentación correspondente e aínda por enriba invádese unha rúa e zona verde; en canto a urbanización di que afecta a todo o entorno da Estación de Autobuses, así coma tamén di que non entende porque non se fai o informe técnico solicitado; di que é imposible cumpri-la normativa de accesibilidade á zona verde. Finaliza a súa intervención dicindo que con esta actuación o grupo de goberno persiste nos seus erros, solicitando que se vote a enmenda proposta polo seu grupo.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, para sinalar que a dirección de obra veu determinada por un concurso; recoñece erros na realización da obra, se ben entende que hai que darlle solución legal; en canto á redacción da modificación puntual realizase por un arquitecto, o cal é o mesmo que

fixo a primeira modificación, indicando que a solución que propón é legal.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde Presidente, para dicir que enmenda presentada polo voceiro do grupo municipal do P.S.O.E. non se refire ó asunto obxecto do epígrafe, polo que entende que non se debe votar, indicándolle asemade que, a mesma a pode presentar no apartado de mocións, rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Secretario do Concello, para dicir que o seu xuízo, as enmendas debense referir ás propostas presentadas polo que, entende que procedimentalmente o correcto sería que se adoptase un acordo diferente, podendo presentar como moción de urxencia a devandita proposta.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para facer constar que o Sr. Alcalde non lle deixa exercer-lo dereito a presentar enmendas ás propostas presentadas.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación inicial ou non da devandita modificación, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada inicialmente dita modificación puntual das Normas Subsidiarias de Ribadavia.

#### **4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2002, AS SUAS BASES DE EXECUCION E CADRO DE PERSOAL.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado día 25 que di:" Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que o seu grupo di que non ó presuposto sen máis, ó ser excluído das negociacións; sinala que non van a manifestar nada para que despois se terxiverse polos presentes. Finaliza dicindo que solicitaron documentación a cal á data de hoxe aínda non se lle facilitou, sinalando que as súas alegacións ou enmendas ó presuposto realizaranas no Pleno, sinalando que este tema non debe te-lo carácter de secreto, xa que a negociación de como se gasta o diñeiro dos veciños debe te-la maior difusión e transparencia, así coma tamén a maior participación social.

Intervén Don Secundino Rodríguez Gómez, para sinalar que o que hoxe se trae é un proxecto de presupostos, indicando que está aberto a suxerencias e propostas; di que aparte das reunións mantidas cos voceiros dos grupos municipais

mantivo unha reunión co concelleira Dona María José Escudero, a cal se propuxo aumentar diversas partidas de Cultura, cuestión que se estudiará. Finaliza a súa intervención dicindo que convocará unha comisión extraordinaria urxente para o vindeiro día 27 á mañá, co obxecto de dictamina-los presupostos.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para sinalar que a presentación dos presupostos fíxose moi tarde; di que a proposta que o seu grupo fixo cando se presentou o borrador dos presupostos foi unha proposta de mínimos que se concretaba na habilitación dunha partida para adquisición de terreos para ambulatorio e cemiterio e no tema da negociación colectiva, sobre todo o tema do recoñecemento da antigüidade dos traballadores; di que se trataba dunha cuestión de mínimos sen ningún tipo de compromisos; sinala que puxo como condición para seguir falando dos presupostos que se lle presentasen á concelleira Dona Maria José Escudero; di que despois producíronse cuestións que nunca se deberon producir, indicando que entende a postura do grupo municipal socialistas, se ben quere deixar claro que eles nunca os excluiron; di que o seu voto o van a reservar para o Pleno, se ben o que teñen claro é que non van a votar a prol, xa que o seu grupo non é partícipe da situación económica do Concello. Finaliza a súa intervención para sinalar que independentemente dos presupostos habería que ter unha negociación aberta a tódolos grupos e con tódolos datos sobre a mesa para analiza-la situación económica do Concello e, inicia-lo proceso de negociación colectiva co obxecto de facer un convenio colectivo estable".

De segudio o Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o día 27 que di:"Intervén en primeiro lugar, o Presidente efectivo da Comisión, Don Secundino Rodríguez Gómez para explica-lo contido do presuposto, sinalado que o resume por capítulos do Orzamento para o ano 2002 é o seguinte: **ESTADO DE GASTOS:** Cap. I.- Gastos de persoal, 1.156.979,76 euros.- Cap. II.- Gastos e bens correntes e servicios, 698.453,38 euros.- Cap. III.- Gastos financeiros, 132.202,02 euros.- Cap. IV.- Transferencias correntes, 303.864,60 euros.- Cap. VI.- Invetimentos reais, 3.099.668,95 euros.- Capitulo IX. Pasivos financieros, 42.499 euros.- TOTAL GASTOS: 5.433.667,71 euros.- **ESTADO DE INGRESOS:** Cap. I.- Impostos directos, 870.083,45 euros.- Cap. II.- Impostos indirectos, 126.272,28 euros.- Cap. III.- Taxas e outros ingresos, 453.925,84 euros.- Cap. IV.- Transferencias correntes, 986.943,51 euros.- Cap. V.- Ingresos patrimoniais, 1.538,59 euros.- Cap. VII.- Transferencias de capital, 2.994.904,04



euros.- TOTAL INGRESOS: 5.433.667,71 euros.- Remata a súa intervención, dicindo que hai unha información máis ampla na memoria da Alcaldía na que se detallan as diversas partidas e no resto dos informes que se achan no expediente.

Despois de diversas intervencións por parte dos seus integrantes para solicitar diversas aclaracións sobre os presupostos que se presentan, de seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non do mesmo, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro ( P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o pleno o membro do B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para anuncia-lo seu voto favorable, xa que os ingresos e os gastos son os que son; di que espera que se cumpran as previsión dos ingresos co obxecto de facer tódalas actuacións previstas nos presupostos.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que o seu grupo presentou nas reunións mantidas unha serie de mínimos, non presentou unha proposta alternativa de presupostos; di que o seu grupo vai a votar en contra deste presuposto por varias razóns; a primeira polo retraso na presentación dos presupostos, xa que entende que se fixo deliberadamente por unha cuestión de estratexia, co obxecto de non someterse a unha cuestión de confianza; a segunda polo feito de que unha negociación entre partidos non se fai en dous nin tres días; a terceira porque non confían na xestión dos presupostos por parte do grupo de goberno; continúa dicindo que o seu grupo foi á reunión sen ningún tipo de condicionamento previo, indicando que nas reunións tampouco se presentou ningún presuposto alternativo, senón unha metodoloxía de como facer un presuposto; di que se alegran de que se consigne partida para adquisición de terreos así coma tamén do recoñecemento da antigüidade dos traballadores, se ben pensa que esto se debe plasmar a través do correspondente convenio colectivo.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para anunciar o seu voto en contra; di que en tres días se presentaron tres documentos diferentes, variando tanto os ingresos coma os gastos, cuestión esta que lle é difícil de entender; non se explica axeitadamente o aumento dos ingresos, concretamente o I.B.I.. ICIO e IAE; di que o importe total do presuposto é enganoso, xa que se introducen subvencións que están sen

confirmar como a do P.E.R.I. e a da Urbanización da Alameda; por outra banda di que non se presentan solucións ós servicios deficitarios, e a plantilla proposta non resolve ningunha cuestión, así coma tamén non se fala claro da realidade económica do Concello, en concreto os gastos recoñecidos pendentes de recoñecer e relación de debedores; solicita que as subvencións se concedan a través de convocatoria pública; di que os presupostos son ilegais de acordo co informe do Sr. Interventor xa que non se lle da solución ó remanente de Tesourería negativo derivado da derradeira liquidación do presuposto; di que o grupo de goberno non cre non presuposto e, os presenta por imperativo legal, sinalando que as medidas que o seu grupo propoñía non supupan aumento do gasto e as mesmas ian encamiñadas a arranxar tódalas chapuzas a que as arcas quedasen o máis saneadas posibles e a facer algunha reforma de carácter administrativo, en concreto potencia-los servicios económicos; en canto ás bases de execución di que se deberían modificar para obter un maior control da xestión do gastos; asemade, que, propoñían facer un plano estratéxico de Ribadavia na que se constituise unha mesa con tódolos sectores implicados, sinalando que a situación de Ribadavia require un plano de actuación especial na que haxa unha solidariedade doutras Administracións Públicas; nesta mesma intervención di que, faltan ideas e accións por parte do grupo de goberno, así coma tamén que o Sr. Alcalde non controla o barco. Finaliza a súa intervención dicindo que polas razóns expostas é posible presentar outro presuposto e que o seu grupo seguira contribuíndo a que Ribadavia teña outra alternativa.

Intervén Don Secundino Rodríguez, concelleiro do grupo municipal do P.P., para dicirlle ó Sr. Fidalgo Areda que o remanente de tesorería non é do derradeiro ano senón que se arrastra doutros anos; en canto ás bases di que son as mesmas que existían a principio de lexislatura; sinala que os presupostos son reais, que os gastos se axustan ó liquidado o exercicio pasado e os ingresos ó liquidado no anterior exercicio coa excepción do I.B.I. e ICIO que se preve un pequeno aumento; en canto ó persoal di que se recoñece a antigüidade ó persoal laboral e un aumento no complemento específico da Policía Local pola nocturnidade; en canto ó capítulo de investimentos di que é modélico, xa que o 50% do presuposto adicase precisamente a investimentos, ademais doutras inversións non presupostas pero que están facendo outros organismos coma, por exemplo o arranxo de estradas. Finaliza a súa intervención dicindo que as razóns expostas son máis ca suficientes para votar a prol deste presuposto.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que entende o primeiro motivo do Sr. Carreira Sebio para votar en contra (o tema da cuestión de confianza), se ben di que se a oposición tiña unha alternativa ós presupostos tería que habela presentado.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para dicir que o seu grupo nunca dixo que ía a presentar uns presupostos alternativos; di que neste presuposto non se adoptan medidas respecto do conservatorio e do servizo municipal de deportes, servizos altamente deficitarios; di que o conservatorio debería ser mancomunado. Finaliza a súa intervención dicindo que non confía na xestión do grupo de goberno e que non cre na idea do grupo municipal socialista de ir a peregrinar axudas ás Consellerías co Alcalde que temos.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que o seu grupo non ten responsabilidade algunha no remanente de tesourería negativo; pregúntase onde se invertiron os 36 millóns percibidos pola venda do edificio de correos; di que da liquidación do derradeiro exercicio derívase que o presuposto se atopa aumentado e que é un presuposto ilegal de acordo co informe do Sr. Interventor. Finaliza a súa intervención presentando unha enmenda ás bases de execución do presuposto, no senso que onde di que é competencia da Comisión de Goberno se diga Pleno.

Intervén Don Secundino Rodríguez Gómez, para dicir que o percibido polo venda do edificio de correos adicouse a investimentos; en canto ó aumento de determinados ingresos ven determinado polas expectativas e previsións existentes; en canto á liquidación dílle ó Sr. Fidalgo Areda que non está determinado o pendente de cobro; en canto ó informe de Intervención, di que no mesmo se di que a Corporación deberá de buscar unha solución ó remanente de tesourería negativo; en canto ós servizos deficitarios é certo que é un problema ó que haberá que buscarlle solución.

Intervén o Sr. Secretario para solicitar que a enmenda do Sr. Fidalgo Areda deberá concretarse, xa que a Comisión de Goberno é un órgano sen competencias e só ten as que lle delega o Sr. Alcalde e mailo Pleno e, as que delega o Sr. Alcalde na Comisión de Goberno so as pode revoca-lo órgano delegante.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda para sinalar que a enmenda é a de que nas Bases de Execución do presuposto (excepto as que están delegadas polo Alcalde): tódalas competencias atribuídas á Comisión Municipal de Goberno pasen a ser competencias do Pleno.

De seguido sometese a votación a enmenda presentada polo voceiro do grupo municipal socialista, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, sete (P.P. e Grupo Mixto).- Por conseguinte, por maioría absoluta fica rexeitada dita enmenda.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do presuposto para o exercicio económico do 2002, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete ( P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.).- Polo tanto, e por maioría absoluta fica erguido a acordo o dictame da Comisión Informativa de Facenda, que se deixa sinalado e que abrangue a aprobación do Orzamento Xeral para ano 2002, cun importe de 5.433.667,71 euros en ingresos e de 5.433.667,71 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia ós efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 150.1 da Lei 39/1988, do 28 de Decembro.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 153 da repetida Lei; noutro caso, procederáse de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.- Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma.

#### **5.- APROBACION, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DA SESION ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE O MES DE XULLO.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 25 de Xuño que di:"Os integrantes da Comisión informativa, por unanimidade, dictaminan favorablemente o cambio da sesión ordinaria do Iltmo. Concello Pleno correspondente ó mes de Xullo, para o vindeiro 18 de xullo, quedando as Comisións Informativas para o vindeiro día 15 de xullo".

Sen necesidade de entrar en debate sométese a proposta transcrita a votación ordinaria obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

**6.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

"MOCION DE URXENCIA.

Á vista dos datos que presenta a liquidación da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro referentes á ano 2001, que entrou neste Concello o pasado 28 de xaneiro de 2002 (é inaceptable que a finais de xuño de 2002 non teñamos neste Concello a memoria da mancomunidade para o ano 2001), e repasando os datos dos últimos anos referentes ó servizo do Matadoiro, que resumimos no seguinte cadro:

ANO	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Ingresos	13.001.712	20.989.289	32.259.506	33.275.305	26.061.857	36.252.616	41.164.164
Gastos	14.529.022	21.903.343	32.354.142	33.366.505	26.202.438	36.025.986	51.164.164
Total	-1.527.310	-914.054	-94.636	-91.200	-140.581	+226.630	-10.000.000

e analizando a documentación recibida da Mancomunidade a data de 22 de marzo de 2002 onde entre outros están o edicto de 22 de xaneiro de 1999 da "Taxa pola prestación dos servizos de Matadoiro e transporte de carnes" e os convenios asinados entre o Presidente da Mancomunidade e varias empresas privadas (Carnes Viana S.L. 16 de maio de 1999; José Pérez S.C. 20 de outubro do 1999; e José Pérez Rosendo 20 de outubro de 1999), tiramos as seguintes conclusións :

1ª. Nos convenios asinados entre a Presidencia da Mancomunidade (facultado para elo polo artigo 5 das taxas aprobadas polo Pleno) e as tres empresas se produce unha rebaixa nas taxas correspondentes: a Carnes Viana de 26 a 17 pts/kg de vacún, a José Pérez S.C. de 26 a 20 pts/kg, de vacún e a José Pérez Rosendo de 22 a 20 pts/kg de porcino.

2ª. No convenio con Carnes Viana S.L. ademais na clusula 2ª se compromete a Mancomunidade a executar un proxecto de "Melloras Tecnolóxicas do matadoiro e sá de despece anexa" que non sabemos canto costou.

Neste mesmo convenio, na clausula 5ª, cédese o uso da sá de despece dándose de baixa na actividade a Mancomunidade e de alta a empresa. Entendemos polo tanto un uso exclusivo da sá de despece por parte de Carnes Viana S.L.. Así mesmo en contrapartida, clausula 4ª, Carnes Viana fai unha entrega a conta de 16.240.000 pts polos servicios que recibe da Mancomunidade.

3ª Da documentación recibida da Mancomunidade en canto ás matanzas realizadas polos distintos carniceiros e empresas tiramos os seguintes datos:

(Táboa adxunta de sacrificio por kilos e anos)

Así mesmo para Carnes Viana no ano 1999 mata 751.045 kg de vacún, no ano 2000 mata 1.825.000 kg de vacún e no ano 2001 mata 2.103.000,0 kg de vacún.

4ª. Dos datos aproximados que sabemos sobre o uso e abuso da depuradora e das multas que as autoridades, a denuncias de Seprona e Medio Ambiente, teñen imposto a unha instalación que estaba deseñada para un máximo de tratamento de residuos correspondentes a 500.000 kg. de matanzas se deduce que cada no págase de multas do orde de 1.300.000 pts, coa connivencia dos organismos públicos.

Destes datos e doutros que sospeitamos pero non temos documentados se pode deducir:

1º.- A consecuencia deste convenio con Carnes Viana S.L. se produce un aumento brutal nas matanzas do matadoiro que provoca un aumento considerable da plantilla de persoal, gastos de electricidade, mantemento, multas e unha diminución de ingresos de 9 pts/kg (mais de 6,7 millóns no 1999, máis de 16 millóns no 2000 e máis de 18 millóns no 2001). Sendo estes convenios tomados sen acordo Plenario, que por lei é un convenio autorizado para a modificación das taxas.

2º.- Se concede o uso exclusivo da sá de despece sen ter feito un concurso público, que o noso modo de ver é de lei e sen nengún beneficio para a Mancomunidade e demais usuarios.

3º.- Se produce un aumento descomunal no déficit do Matadoiro Comarcal que repercute gravemente na Facenda do Concello de Ribadavia: 2,6 millóns no 2000 e máis de 4,6 millóns no 2001. E ademais se produce un deterioro enorme nas instalacións e unha contaminación galopante no río Avia.

Á vista desta actuación que para nós conculca a lei en aspectos regulados pola Lei de Bases en canto a competencias do Pleno e polo C.P. en cantos as actuacións benefician a un particular en detrimento da colectividade de veciños do Ribeiro e nomeadamente do noso Concello, é polo que propoñemos a este Pleno que tome os seguintes acordos :

1º.- Pedir ó avogado do Concello un informe xurídico sobre os feitos reseñados no que se detallen os pasos legais oportunos para recuperar estas cuotas pagadas polo Concello de Ribadavia, e exercer cantas accións administrativas e legais se propoñan.

2º.- Solicitar ó mesmo avogado un informe xurídico sobre a actuación do Presidente da Mancomunidade na firma destes convenios e exercer as medidas legais que deste informe se deduzcan.

En Ribadavia, a 27 de xuño de 2002.- Asdo.: Francisco Alonso Fernández e Asdo.: Fco.Xabier Carreira Sebío.

#### **RELACION DE SACRIFICIO POR KILOS E ANOS.**

CLASE TOTAL

ANO/KGRS. VACUNO PORCINO OVINO

1995 336441,9 262055 3279,1 601776

1996 354693 525616 5705 886014

1997 357808 563843 5938 927589

1998 325732 569090 9131 930953

1999 1095095 537153 8508 1640756

2000 2146080 359571 6996 2512647

2001 2320421 116946 4304 2441671

TOTAL 6963270,9 2934274 43861,1 9941406

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P. coa excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto); abstencións, unha (Dona Maria José Escudero Estévez).- De seguido sométese de novo a votación, obténdose o mesmo resultado polo que, polo

voto de calidade do Sr. Alcalde, fica desestimada a urxencia da moción presentada.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación das seguintes mocións de urxencia:

**PRIMEIRA.-** " En relación co estado do Castelo de Ribadavia, propón o Pleno a adopción do seguinte acordo: Que o Pleno do Concello presta o seu apoio a petición das Asociacións e Colectivos de Ribadavia (adxúntase escrito) para levar a cabo as accións de rehabilitación e restauración do Castelo de Ribadavia.

"Que ante a grave situación de deterioro do Castelo dos Sarmiento, sito en Ribadavia (Ourense, e estando a realizarse un bo esforzo económico de planificación coa recuperación paulatina do Casco vello de Ribadavia, consideramos que o Castelo de referencia forma parte inseparable do Casco vello, e principal atracción turística desta Vila e vendo que outros castelos da provincia de Ourense, Verín, Castro Caldelas, Maceda, etc., foron recuperados pouco a pouco mediante un plan director con inversións anuais continuadas, pregamos:

Se teñan en conta as nosas inquedanzas e preocupacións para dar os primeiros pasos, a fin de que dentro de poucos anos, non sexa unha ruina o patrimonio emblemático para Ribadavia.

Por todo elo, reunidas as asociacións e fundacións que firman o presente escrito, acordan:

1º) Constituírse en Plataforma denominada: "PLATAFORMA PARA A RECUPERACION DO CASTELO DOS SAMIENTO".

2º) Poñer en coñecemento da situación o Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne, por si é posible unha intervención necesaria, rápida e continuada na dirección antes sinalada.

3º) Adxuntar estudio de aparellor ribadaviense con fotografías actuais da situación real do referido castelo.

4º) Recordar que fai máis de dous anos, xa se fixeron xestións ante Patrimonio na mesma dirección, onde se nos falou dun plan director que iba estar rapidamente en funcionamento, sen que ata esta data, tiveramos noticias do mesmo.

Así o asinamos en Ribadavia a 14 de xuño de 2002.



Asdo: Pta. Asociación Consumidores e Usuarios; Asdo: Pte. Asociación Ecoloxista Ridimoas; Asdo: Pta. Asociación Cultural Valparaiso; Asdo: Pte. Centro Estudios Medievais; Asdo: Pta. APA do IES do Ribeiro; Asdo: Pte. Asociación Cultural Fraicellus; Asdo: Pte. Asociación APA Tomás de Lemos; Asdo: Pte. Asociación Cultural Penedo da Forca; Asdo: Pte. Asociación Coordinadora Festa de Istoria; Asdo: Pte. Amigos do Museo; Asdo: Pte. Asociación Veciñal San Francisco; Asdo: Pte. Asociación Amigos da Lira; Asdo: Pta. Asociación de Mulleres Rurais; Asdo: Pte. Establecementos Asociados; Asdo: Pte. Asociación Ecoloxista Coto do Frade; Asdo.: Asociación Cultural Luceiro; Asdo: Secretario Asociación Cultural Parroquial; Asdo: Vicepresidenta Ribadavia Activa.t; Asdo: Pte. Asociación Gaitas e Baile Nosa Sra. do Portal".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

**SEGUNDA.-** En relación coa adxudicación da xestión do servizo público do matadoiro comarcal do Ribeiro realizado polo Pleno da Mancomunidade, propón o pleno a adopción do seguinte acordo: Interpoñer recurso contencioso administrativo contra dito acordo de adxudicación sempre que haxa un dictame favorable do avogado do Concello neste asunto.".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar que o seu grupo vai a votar en contra en coherencia coas súas posturas anteriores neste tema.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación a aprobación ou non de dita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Grupo Mixto e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada dita moción.

Nestes intres, coa autorización do Sr. Alcalde, auséntase do Salon de Sesión o Concelleiro Don Xosé Prieto Pérez.

Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos:

**1º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde paralizase a obra de acondicionamento das marxes do río Avia ata que se presente no Concello o proxecto modificado xa que entende que, o que se está executando non se corresponde co aprobado e que a modificacións son substanciais.

**2º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que constituise e convocase canto antes a Comisión organizadora da Feira do Viño do ano 2003.

**3ª ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que non se volva a repetir que un señor que non ten que ver nada co Concello faga invitación para a inauguración dunha obra do Concello nun edificio municipal.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que na vindeira Comisión Informativa de obras se estudie o proxecto de saneamento do parque empresarial ata a área recreativa de San Cristovo, co obxecto de analiza-la súa execución e face-las reclamacións oportunas á empresa.

**2º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que cando veñan ó Concello os técnicos que están redactando o proxecto do Castelo, se convoque tamén ás asociacións e colectivos implicados no tema, ó obxecto de que poidan recibirlas explicacións oportunas.

**3º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que os técnicos redactores do proxecto de acondicionamento das marxes do río Avia expliquen as modificacións que se están a facer no proxecto, sinalando que non coinciden os planos que manexan na obra cos existen no Concello de data marzo 2000.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que a Comisión de Seguimento do P.E.R.I. xa solicitou un informe ó redactor do proxecto; manifesta que lle dixeron que as modificacións non teñen carácter sustancial.

**4º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que execute canto antes o acadado no pleno ordinario de data 28 de febreiro pasado, relativo á Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro e proceda á convocatoria do Patronato.

**PREGUNTA.-** Interésalle saber se o Sr. Alcalde é coñecedor de que días pasados unha empresa subcontratada por Unión Fenosa estivo facendo traballos topográficos para a iniciación das obras de construción da minicentral do río Outeiro e pregunta se se pensa cumprilo acordo plenario sobre a devandita cuestión.

Resposta o Sr. Alcalde: Descoñece esta cuestión, indicando que se cumprirá o acordo plenario.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., reitera os rogos formulados no Pleno ordinario de maio e que de seguido se transcribe:

**1º ROGO.-** En relación co parque empresarial, di que no ano 92 asinouse un Convenio de cooperación entre o IGVS e o Concello, o cal ten graves incumprimentos, coma por exemplo que non se urbanizaron as 40 hectáreas previstas, que as fases deben ser aceptadas polo Concello, así mesmo di que o Concello asumirá os viais, zonas verdes, deportivas, espacio libre e terá dereito ó 15% das parcelas; di que no propio convenio se recoñece a participación do Concello na determinación dos prezos. Por todo isto di que o Concello é copropietario do parque e polo tanto debe tomar medidas para que se cumpra o convenio, polo que, pensa que existen razóns máis ca suficientes para que os responsables de Xestur ou do IGVS dean ó Concello as explicacións pertinentes sobre a situación na que se atopa o parque empresarial, tratanto entre todos de relanzalo de xeito que sexa un parque competitivo. Finaliza a súa intervención reiterando a petición realizada na Comisión Informativa, solicitando ó Sr. Alcalde que poña esta cuestión coma prioritaria.

**2º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que convoque as seguintes Comisións que se atopan pendentes: Comisión de Cultura sobre diversas cuestións solicitadas pola anterior concelleira de Cultura e polo seu grupo; Comisión de Obras sobre o expediente de Dona María Antonia Ruíz Alvarez, relativo ás obras no entorno da Casa de Cultura; reunión co avogado para trata-lo tema do contencioso-administrativo do matadoiro; creación da Mesa de Contratación para a elaboración de pregos para a contratación de obras, servicios e subministros; constitución da comisión de veciños para o seguimento do expediente da minicentral do río Brull, en Francelos e a constitución da comisión para estudar e propoñer unha modificación dos Estatutos da Fundación Nosa Señora dos Anxos.

De seguido formula os seguintes rogos e preguntas:

**1ª PREGUNTA.-** En relación coa obra de saneamento dende o parque empresarial a área recreativa do Xestal solicita informe do Sr. Aparellador Municipal, co obxecto de que se arranxe a mesma.

Resposta o Sr. Alcalde: Dita obra atópase arranxada.

**2ª PREGUNTA.-** En relación co centro social de Ventosela, solicita informe xurídico sobre a titularidade do inmovible, indicando que os actos institucionais non se poden organizar da maneira que se organizou este, preguntándose pola dignidade que lle queda ó Sr. Alcalde ó permitir ditas actuacións.

Resposta o Sr. Alcalde: O propietario do inmovible é o Concello.

**ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que no proxecto de acondicionamento das marxes do río Avia actúe con dilixencia para que no vaia a pasalo que pasou coa Estación de Autobuses e despois haxa que legalizar unha situación xa consumada.

E sendo as once menos vinte da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.